

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 6 DE ABRIL DE 2009.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

**CONCELLEIROS:**

D. José M. Balseiro Canoura

D<sup>a</sup>. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día seis de abril de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓN ANTERIOR DE 9 DE MARZO DE 2009. ADOPCION DE ACORDO.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenaria da sesión de data 9 de marzo de 2009.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que na redacción da contestación á súa pregunta sobre o remate das obras da

Ruta do Muiños no queda claro se dita obra rematouse ou non.

Polo Primeiro Tenente de Alcalde Sr. González Alvarez contestase que debido a inundacións provocadas polas fortes choivas deste inverno e do temporal do mes de xaneiro é necesario rematar un pequeno tramo anexo á ruta na zona da antiga depradora de Regosanguento.

Unha vez efectuada a aclaración transcrita o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 9 de marzo de 2009.

**2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2008. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dase conta ó Concello Pleno do dictéme emitido pola Comisión Informativa Especial de Contas que a seguir se transcribe integramente:

*“ Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente da Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio de 2008, elaborada pola Interventora Municipal, integrada polos seguintes estados:*

§ *Balance*

§ *Conta do resultado económico patrimonial*

§ *Estado de liquidación do presuposto*

§ *Memoria*

*Dase conta igualmente do dictame favorable á aprobación da antedita Conta Xeral emitido pola Comisión con data 13 de febreiro de 2009 e que durante o preceptivo trámite de información pública aberto mediante anuncio publicado no Taboleiro Municipal de Anuncios e no Boletín*

*Oficial da Provincia de Lugo número 46 de data 26 de febreiro de 2009 non se presentaron reclamacións nin alegacións contra a Conta Xeral de referencia tal e como se acredita na certificación expedida pola Secretaría municipal con data 30 de marzo de 2009, obrante no expediente.*

***Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez e Meitin Guerreiro, e coa abstención dos Sres. Pernas Rodríguez, Fernández Bouza e Ben Fernández, quen manifestan que se pronunciarán no Pleno; acorda :***

***1º e Único.- Informar favorablemente, a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio 2008.”***

Enterado o Concello Pleno cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez e Meitin Guerreiro e coa abstención dos Concelleiros, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage, Ben Fernández e Fernández Bouza acorda aprobar definitivamente a Conta Xeral correspondente ó exercicio de 2008 e ordeala súa remisión ó Tribunal de Conta e ó Consello de Contas xunto coa documentación seguinte:

- Actas de arqueo das existencias en caixa, referidas a fin do exercicio 2008.
- Notas ou certificación de cada entidade bancaria, acreditativas dos saldos existentes nas mesmas a favor dado Concello de Xove, referidas ó fin de exercicio e agrupadas por nome ou razón social da entidade bancaria..

### **3º.- APROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL ( PECHADO A DATA DO 31 DE DECEMBRO DE 2008 ) ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría unha vez rematados os traballos de elaboración, en soporte papel e soporte informático, dase conta ó Concello Pleno do Inventario de Bens e Dereitos de titularidade Municipal pechado á data do 31 de decembro de 2008 que acadan unha valoración total de 10.062.196'61 € co desglose por epígrafes ( Regulamento de Bens das Entidades Locais ) que se reflicte no cadro resumo obrante no expediente.

Aberto o debate polo Sr. Alcalde manifestase que desde este momento, ademais de cumprir cunha obriga legal, o Concello de Xove ten o seu dispor unha ferramenta importante que sen dúbida facilitará o funcionamento da administración municipal.

Polo Sr. Fernández Bouza lembrase que o BNG desde o momento que tivo coñecemento da perda, extravío ou o que fora do anterior Inventario esixiu que, pola súa gravidade; se investigara e se denunciaran ese feitos. Como quera que o anterior grupo de goberno, máximo responsable, e o actual fixeron oídos sordos a dita petición o BNG, por coherencia, vai votar en contra da aprobación deste novo Inventario.

Polo Sr. Alcalde sinalase que neste momento estase a debati-la aprobación dun Inventario elaborado co máximo rigor, engandindo que non ten sentido vincular este asunto co extravío do anterior Inventario.

Polo Sr. Ben Fernández preguntase cal foi custo de elaboración deste novo Inventario.

Polo Secretario Municipal manifestase que, sen te-lo datos exactos á man, pensa que o prezo de adxudicación rondou os 45.000'00 €, cantidade á que habería que engadi-la compra do programa informático.

Rematado o debate o Concello Pleno cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Ben Fernández e co voto en contra do Concelleiro Fernandez Bouza acorda aproba-lo Inventario de Bens e Dereitos de titularidade Municipal pechado á data do 31 de decembro de 2008 que acadan unha valoración total de 10.062.196'61 €

**4º.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVAILACIÓN AMBIENTAL, INTERESANDO A ADHESIÓN DO CONCELLO DE XOVE Ó CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN, FORMALIZADO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA XUNTA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito e Convenio Marco do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde explicanse brevemente os aspectos máis salientables do Convenio Marco sinalando que a adhesión do Concello de Xove será beneficiosa en termos económicos e en termos de mellora do servicio.

Enterado o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la adhesión do Concello de Xove ó Convenio Marco formalizado entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e as Entidades Xestoras dos sistemas integrados de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos nos termos reflectidos no Documento de Adhesión obrante no expediente.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo